Compostela Cultura

# ARTES ESCÉNICAS 2025

## PRIMEIRO SEMESTRE

AUDITORIO DE GALICIA

TEATRO PRINCIPAL

CASA DAS MÁQUINAS



1936 | CHECK-IN PRODUCCIONES | ©BSP


OC

# EnFoco

Para alén de presentar unha coidada selección dos mellores espectáculos da creación galega e estatal con achegas dende a outra beira do Miño, esta nova temporada escénica presenta unha articulación temática arredor de tres focos que se acenden para dirixir a nosa mirada cara a diferentes cuestións vencelladas á autoría, á temática e ao xénero.

O primeiro deles, o Foco 'Teatro do Noroeste', centra as luces nunha compañía fundacional do teatro galego, residente na cidade, que continúa en activo. Ao abeiro desta programación Teatro do Noroeste presenta dous dos seus espectáculos máis recentes: en xaneiro, abre a temporada coa estrea de *Guerra* e volve no mes de maio para presentar *Gloria Nacional*.

O segundo faro, o 'Foco Memoria en escena', xunta un amplo abano de propostas que dan conta, por unha banda, dunha liña temática e de creación das artes escénicas actuais: a composición de dramaturxias e ficcións a partir de feitos e personaxes históricos; e por outra, afondan no concepto de memoria como capacidade física, no seu devalar e as súas consecuencias, na memoria como legado de vida para perdurar no tempo.

Finalmente, o 'Foco Creadoras de escena' reivindica as voces e olladas das mulleres no teatro e na danza, tanto desde o punto de vista da dirección como da dramaturxia e a creación coreográfica. Este foco expandido, que alumea boa parte da programación, dá conta da súa forza capital no camiño cara á igualdade, coa introdución de temáticas, estéticas e puntos de vista diferentes que fan desta unha temporada máis plural e máis diversa.





# ESCÉNICAS




# GUERRA

## TEATRO DO NOROESTE

**TEATRO PRINCIPAL**
**17 E 18 DE XANEIRO**
**20.30 H**

12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 18 anos

100 min

Lingua: galego

**Posfunción ao remate do pase do 18 de xaneiro**

**Estrea absoluta**

**Foco Teatro do Noroeste**

Nun edificio teatral totalmente destruído por un bombardeo nunha guerra desatada no mesmo corazón de Europa, comezan a aparecer as personaxes do Teatro Universal que nel foran representadas ao longo do tempo e encarnadas en dous actores e catro actrices. As innumerables referencias ás guerras no teatro europeo desde Shakespeare até Lorca enchen a escena de evocadoras secuencias de caos e destrución.

· Dirección e iluminación: Eduardo Alonso
· Elenco: Miguel Pernas, Luma Gómez, Manuela Varela, Maxo Barjas, Sabela Hermida, Xavier Estévez
· Escenografía e vestiario: Carlos Alonso
· Música: Bernardo Martínez
· Produción: Eva Alonso

REDE GALEGA
DE TEATROS
E AUDITORIOS



DIEGO SEIXO

# AS GARDIÁS

## TEATRO DE NINGURES

**TEATRO PRINCIPAL**
**23 E 24 DE XANEIRO**
**20.30 H**

12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 12 anos

80 min

Lingua: galego

**Posfunción ao remate do pase do 23 de xaneiro**

**Foco Creadoras de escena**

O humilde piso de Rosa, nun vello edificio no corazón dun barrio popular dunha vila obreira, é o refuxio acolledor dunha tribo de catro mulleres maiores organizadas. Rosa (que emprega unha cadeira de rodas) e as súas compañeiras, Ana, Marga e Susana, son operarias xubiladas da industria téxtil e están decididas a preservar a súa independencia.

Cando a filla de Rosa, Vitoria, propón trasladala a unha institución médica e vender o apartamento, comeza unha loita entre dúas visións do ben envellecer. Enfrontadas ás decisións de Vitoria, as mulleres defenden o seu dereito a vivir xuntas e en liberdade e artellan unha serie de estratexias para convencer a Vitoria.

- Autor: Nasser Djemaï
- Tradución: Henrique Harguindey
- Adaptación: Vanesa Sotelo
- Dirección: Cristina Domínguez
- Elenco: Casilda Alfaro, Melania Cruz, Amparo Martínez, Rebeca Montero e Sonia Rúa
- Deseño de escenografía e vestiario: Carlos Alonso
- Deseño de iluminación: Héctor Pazos e Salvador del Río
- Espazo sonoro: Héctor Pazos
- Deseño gráfico, fotografía, cartel e programa: Diego Seixo
- Dirección de produción: Salvador del Río
- Distribución: Lilian Portela – AMARELO – Distribución Escénica

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS


JAVIER NAVAL

# LA COLECCIÓN

## LAZONA E TEATRO DE LA ABADÍA

**AUDITORIO DE GALICIA · SALA ÁNGEL BRAGE**
**25 DE XANEIRO**
**20.30 H**

14 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 13 anos

105 min

Lingua: castelán

**Foco Memoria en escena**

Héctor e Berna son un matrimonio sen fillos. Ao longo da súa vida reuniron unha colección pola que sacrificaron todo o demais. Agora, xa anciáns, queren asegurarse de que a colección os sobreviva, para o que buscan un herdeiro. Convocan a Susana, tamén ela coleccionista, para examinala. Acompáñaos Carlos, quizá el mesmo un examinador, se é que non unha peza da colección.

É *La colección* unha obra sobre o matrimonio, sobre o paso do tempo e sobre a misteriosa relación entre as persoas e os obxectos. «Era necesario que alguén fixese a colección. Imaxes separadas por océanos ou séculos esperaban que alguén as reunise. O seu destino era a colección. Se algún día, dentro dun millón de anos, un ser capaz de pensar e de sentir atopa a colección, saberá que é a humanidade e que podería ter sido. Antes de atravesar esa porta, pensen que, cando volvan a este lado, todo o verán dende a colección. Tamén as demais persoas e a si mesmos. *La colección* descóbrete. Non podes vela e non preguntarte quen es, porque contén todo o que es e todo o que non es».

- Texto e dirección: Juan Mayorga
- Elenco: José Sacristán, Ana Marzoa, Ignacio Jiménez e Zaira Montes
- Deseño de escenografía: Alessio Meloni (AAPEE)
- Deseño de iluminación: Juan Gómez Cornejo (A.A.I)
- Deseño de vestiario: Vanessa Actif (AAPEE) - Sandra Espinosa
- Música e espazo sonoro: Jaume Manresa
- Produción executiva: Jair Souza-Ferreira
- Axudante de dirección: Ana Barceló
- Asistente de dirección: Alejandro Sánchez
- Axudante de escenografía: Mauro Coll (AAPEE)
- Axudante de produción: Desirée Díaz
- Director técnico: Daniel Alcaraz (LA CIA. DE LA LUZ)
- Deseño gráfico e fotografía: Javier Naval
- Realización de escenografía: La Caverna del Érebo
- Prensa e comunicación: María Díaz
- Dirección de produción: Miguel Cuerdo
- Distribución: Julio Municio
- Coproducen: LaZona e Teatro de la Abadía

# GO HOME

## ETIQUETA NEGRA



LEO LÓPEZ

**TEATRO PRINCIPAL**
**31 DE XANEIRO E 1 DE FEBREIRO**
**20.30 H**

12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 16 anos

80 min

Lingua: galego

**Posfunción ao remate do pase do 31 de xaneiro**

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

*Go Home* conta a historia de David, un fanático do turismo que xa experimentou todo tipo de aventuras que as axencias lle podían ofrecer. Todas menos unha: unha viaxe sorpresa, a cegas, na que non sabe o que lle vai acontecer. A peripecia levarao a facer noite no Cebreiro, comezando unha aventura na que David gozará de emocións intensas, tales como a dúbida, o medo e a sorpresa.

*Go Home* é un novo espectáculo dirixido por Tito Asorey e está protagonizado por David Amor e Josito Porto na compaña de figuras ben coñecidas da dramaturxia como José Prieto, José Faro, Laura Iturralde, Patricia Ferreira e Xavier Porto. Trátase dunha comedia, comprometida coa realidade e cun elenco de luxo para tratar unha das temáticas máis de actualidade do momento: o turismo e a xentrificación. Esta peza teatral observa a realidade, así como as súas problemáticas asociadas a Galicia, na procura dunha obra onde teñen cabida a reflexión, a diversión e a investigación escénica.

- Dramaturxia: José Prieto
- Dirección: Tito Asorey
- Elenco: David Amor e Josito Porto
- Escenografía: José Faro
- Iluminación: Laura Iturralde
- Vestiario: Patricia Ferreira
- Música: Xavier Bértolo



CHARO LOPES

# MULLERES QUE VIVEN SOAS

## BERROBAMBÁN

**TEATRO PRINCIPAL**
**6 E 7 DE FEBREIRO**
**20.30 H**

12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: >16 anos

75 min

Lingua: galego

**Posfunción ao remate do pase do 6 de febreiro**

**Foco Creadoras de escena**

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

Protagonizada polas tres bruxas que profetizan o ascenso de Macbeth ao trono na peza de Shakespeare: tres bruxas que encarnan os males deste mundo e que nos serven de referencia para nos rir da diferenza entre como o mundo ve (ou conta) as mulleres e como elas se senten dentro das súas casas.

Espectáculo híbrido entre o teatro documental, a *standup comedy* e o teatro isabelino, interpretado por tres das contadoras de historias máis relevantes do país: Paula Carballeira, María da Pontragha e Vero Rilo. Tres mulleres excepcionais para dar voz e corpo a historias reais e personaxes femininas de ficción.

*Mulleres que viven soas* é unha coprodución de Berrobambán e o Festival Internacional Outono de Teatro (FIOT) de Carballo.

- Dramaturxia: Paula Carballeira a partir de textos de Xiana Arias, María da Pontragha e Vero Rilo
- Dirección: Nuria Sanz e Chiqui Pereira
- Elenco: Paula Carballeira, María da Pontragha e Vero Rilo
- Escenografía e iluminación: Montse Piñeiro
- Vestiario: Lola Armesto
- Espazo sonoro: Xiana Arias
- Selección de cantigas: María da Pontragha
- Imaxe gráfica: Nadina - Gráfica
- Fotografía: Charo Lópes
- Gravación: Miriam Rodríguez
- Produción: Chiqui Pereira
- Distribución: Urdime




# NI FLORES, NI FUNERAL, NI CENIZAS, NI TANTÁN

## LA DRAMÁTICA ERRANTE

**TEATRO PRINCIPAL**
**8 DE FEBREIRO**
**20.30 H**

14 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 14 anos

90 min

Lingua: castelán

**Foco Creadoras de escena**

*Ni flores, ni funeral, ni cenizas, ni tantán* é unha historia de superación, tenrura e humanidade. Centrada nos coidados paliativos e no «bo morrer», a peza é unha viaxe que nos empurra a afrontar a vida con alegría e a preguntarnos como será o final desta. Un canto a todas aquelas persoas que deixaron este mundo con dor e sufrimento. Un recoñecemento a todas esoutras que acompañan nesta última etapa sen nunca perder o sorriso.

- Texto escrito por María Goiricelaya no marco do programa de Residencias Dramáticas do Centro Dramático Nacional durante a temporada 2021-2022
- Dirección e dramaturxia: María Goiricelaya
- Versión en éuscaro: Patxo Tellería
- Elenco: Ane Pikaza, Aitor Borobia, Loli Astoreka, Patxo Telleria, Egoitz Sánchez e Idoia Merodio
- Escenografía: David Pascual
- Deseño de iluminación: David Alcorta
- Vestiario: Daniel F. Carrasco
- Espazo sonoro: Ibon Aguirre
- Visuais: Estudio Gheada
- Axudante de dirección: Eider Zaballa
- Produción executiva: Ane Pikaza e Xabino Alkorta
- Técnica en xira: Alaine Arzoz
- Comunicación: NOIZ labo
- Produción: La Dramática Errante
- Distribución: Portal 71



# AS FORMAS DO AMOR

## VERDEVERAS EXPRESIÓNS ARTÍSTICAS E CENTRO DRAMÁTICO GALEGO

**TEATRO PRINCIPAL**
**14 DE FEBREIRO**
**20.30 H**

12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: público adulto

🕒 65 min

Lingua: galego

**Foco Creadoras de escena**

Ela e el foron parella.

Foron deses amores inesquecibles que marcan un antes e un despois na vida, porque todo o poñen patas para arriba, revísano, sacódeno, desmóntano e vólveno armar.

Logo de tanto tempo separados, acaso hoxe sexa o día xusto para volver atoparse por primeira vez.

Unha historia para saír do teatro con moi boa sensación no corpo, con gusto, alegría e esperanza.

Unha historia para falar e reflexionar sobre iso que chamamos «amor».

- Texto orixinal: María Ángeles Iglesias
- Dirección: Gena Baamonde
- Elenco: Sergio Zearreta e María Ángeles Iglesias
- Iluminación e espazo escénico: Octavio Mas
- Espazo sonoro e música orixinal: Tato López
- Construción escenografía: persoal Centro Dramático Galego
- Servizo técnico: RTA
- Produción xeral: Verdeveras Expresións Artísticas
- Coproduce: Centro Dramático Galego
- Colabora: Dirección Xeral de Promoción da Igualdade
- Apoia: Concello de Vimianzo



MARCOS G. PUNTO

# LOS LUNES AL SOL

## GG PRODUCCIÓN ESCÉNICA E TEATRO DEL NÓMADA

**AUDITORIO DE GALICIA · SALA ÁNGEL BRAGE**
**15 DE FEBREIRO**
**20.30 H**

14 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: >14 anos

100 min

Lingua: castelán

*Los lunes al sol* amósanos de maneira realista e conmovedora as loitas diarias, a desmoralización e a desesperanza coas que batemos ao tentar atopar traballo nun mercado laboral competitivo e en constante cambio. Fai visible a maneira na que a falta de oportunidades e a presión social afectan ás relacións persoais, á auto-estima e á esperanza nun futuro mellor. *Los lunes al sol* é unha poderosa reflexión sobre como as circunstancias económicas poden moldear a identidade e as relacións humanas. A través da súa narrativa sincera, formula preguntas sobre a xustiza social e o sistema laboral contemporáneo, convidándonos a reflexionar sobre as desigualdades na nosa sociedade.

· Adaptación: Ignacio del Moral e Javier Hernández-Simón
· Dirección: Javier Hernández-Simón
· Elenco: Yune Nogueiras, Marcial Álvarez, José Luis Torrijo, Fernando Cayo, Fermi Herrero, Fernando Huesca, César Sánchez e Lidia Navarro
· Escenografía: Ricardo Sánchez Cuerda
· Deseño de iluminación: Juan Gómez-Cornejo (AAI) / Ion Anibal (AAI)
· Deseño de vestiario: Elda Noriega (AAPEE)
· Dirección musical, composición e espazo sonoro: Álvaro Renedo Cabeza
· Produción: GG Producción Escénica e Teatro del Nómada



CELIA SINEIRO

# AS DESTERRADAS

## PRODUCIÓNS TEATRAIS EXCÉNTRICAS

**TEATRO PRINCIPAL**
**6 E 7 DE MARZO**
**20.30 H**

12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 13 anos

95 min

Lingua: galego

**Posfunción ao remate do pase do 7 de marzo**

**Foco Creadoras de escena**

**Foco Memoria en escena**

No século XVI, unha pequena comunidade de monxas á beira do Miño vese ameazada pola cobiza da xerarquía eclesiástica. Os señores da Igrexa, para rematar coa resistencia das freiras non dubidan en difamalas e ameazalas por todos os medios, dende o tribunal da Inquisición á violencia das mesnadas señoriais.

Carme Varela reconstrúe nun *thriller* conventual aqueles tempos de resistencia das comunidades de mulleres autosuficientes e poderosas. A vida parece continuar coas súas rutinas de rezos, bordados e melindres, mais a negra sombra da ameaza exterior abátese sobre o convento de Albeos.

A heroica resistencia daquelas freiras chega agora encarnada nun elenco que conforman Melania Cruz, Patricia Vázquez, Rebeca Montero, Rocío González, María Costas e Víctor Mosqueira, iluminadas por Laura Iturralde e dirixidas por Quico Cadaval.

- Autoría: Carme Varela
- Dirección: Quico Cadaval
- Elenco: María Costas, Melania Cruz, Rocío González, Rebeca Montero, Patricia Vázquez e Víctor Mosqueira.
- Espazo escénico: Laura Iturralde e Quico Cadaval
- Espazo lumínico: Laura Iturralde
- Deseño de vestiario: Celia Sineiro
- Espazo sonoro: Piti Sanz
- Vídeo: Sonia García
- Axudante de dirección: Mon Serodio
- Deseño gráfico: Javier de la Rosa
- Fotografía: Sabela Eiriz
- Xefe de produción: Rubén G. Pedrero

REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

# FOREVER

## KULUNKA TEATRO, CDN, TEATRO ARRIAGA, TEATRO VICTORIA EUGENIA



AITOR MATAUCO

**AUDITORIO DE GALICIA · SALA ÁNGEL BRAGE**
**15 DE MARZO**
**20.30 H**

14 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 14 anos

105 min

Lingua: sen texto

*Forever* é a historia de como unha familia se vai afastando do que soñou que sería. Reflectindo con humor e ironía as contradicións do amor, pon o foco en temas como a paternidade, a educación, a discapacidade, a sobreprotección, a sexualidade ou a violencia. Sobre unha plataforma xiratoria e cunha linguaxe moi cinematográfica, *Forever* é un carrusel; a nora da vida. Pero tamén unha espiral que, a medida que vira, profunda na dor dos seus protagonistas. Até onde pode arrastrar a incomunicación a unha familia? Talvez o perturbador, o emocionante, é que a historia desta familia podería ser a da nosa.

- Dramaturxia: Iña ki Rikarte, José Dault, Garbiñe Insausti e Edu Cárcamo
- Dirección: Iñaki Rikarte
- Elenco: José Dault, Garbiñe Insausti e Edu Cárcamo
- Deseño de escenografía: Ikerne Giménez e Javier Ruiz de Alegría
- Deseño de Iluminación: Javier Ruiz de Alegría
- Deseño de vestiario: Ikerne Giménez
- Composición musical e espazo sonoro: Luis Miguel Cobo
- Deseño e construción de máscaras: Garbiñe Insausti
- Axudante de dirección: Alberto Huici
- Fotografía: Aitor Matauco
- Construción de escenografía: Readest Montajes
- Xastería: Kkum
- Produción executiva: Kulunka Teatro
- Produción: Kulunka Teatro en coprodución co Centro Dramático Nacional (CDN), Teatro Victoria Eugenia de Donosti e Teatro Arriaga de Bilbao
- Prensa: María Díaz
- Distribución: Proversus




# BULEVAR PAPAGAIO

## A FEROZ

**CASA DAS MÁQUINAS**
**22 E 23 DE MARZO**
**20.30 H**

12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 16 anos

70 min

Lingua: galego

**Foco Creadoras de escena**

**Foco Memoria en escena**

Cando a fotógrafa Maribel Longueira escoitou os primeiros sons da *piqueta* tívoo claro: o Papagaio víñase abaixo. Ou, mellor dito: tiraban abaixo o Papagaio e con el un fragmento da cidade que moitas coruñesas non querían mirar.

O barrio popular, o barrio obreiro, o barrio das putas e doutras traballadoras explotadas debía facerlle sitio a unha mole de cemento e pretensións. A cidade da xente de ben devoraba o que non lle valía. Esta afinadísima intuición de Maribel levouna a documentar, cámara en man, o declinar dun tempo e unha xeografía propias, domésticas, gloriosamente prosaicas.

E coas imaxes recollidas convidou a varias poetas a poñer a palabra necesaria. A idea primeira era que aquel fose un traballo coral, colectivo. Mais Luísa Villalta, unha desas convidadas, chegoulle pola porta cun rosario de poemas, unha xema por cada imaxe.

- Texto e dramaturxia: Lorena Conde
- Dirección: A Feroz
- Elenco: Inés Salvado, Lorena Conde, Gustavo Freire e Bea Romero
- Escenografía e iluminación: Nononlab
- Deseño, escenografía e vestiario: A Feroz
- Espazo sonoro: Manuel Abraldes
- Produción: A Feroz
- Distribución: Lilian Portela – Amarelo



# UN DEUS SALVAXE

## TALÍA TEATRO

**TEATRO PRINCIPAL**
**27 E 28 DE MARZO**
**20.30 H**

12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: público adulto

90 min

Lingua: galego

**Posfunción ao remate do pase do 27 de marzo**

Dous nenos duns once anos enfróntanse con violencia nun parque. Beizos inchados e dous dentes rotos…. Os pais da «vítima» convidan os pais do «matón» á súa casa para resolver o conflito. O que comeza sendo unha charla con bromas e frases cordiais, adquire unha tinguidura máis violenta a medida que os pais van revelando as súas ridículas contradicións e grotescos prexuízos sociais.

As parellas comezarán a andar a couces entre elas sen reparo algún, e mesmo non terán inconveniente en sacar os trapos sucios dos seus respectivos matrimonios. Aquí non hai nin bos nin malos. Nin tan sequera vencedores e vencidos. Só catro adultos que se encerellan nunha calorosa discusión que vai desvariando máis e máis a medida que se vai alongando innecesariamente.

A situación descontrólase de tal modo que ninguén está a salvo de recibir a súa ración de ofensa persoal, e todos os intentos por acougar os ánimos e instaurar a paz acaban fracasando. Cadaquén ten a súa propia opinión sobre como canalizar o conflito que afecta os seus fillos (dende como definir a agresión até como castigar o agresor, pasando por ver quen ten maior ou menor culpa), e de aí xorden outros temas nos que, por suposto, non logran poñerse de acordo.

A obra saca todo o lixo que estes catro individuos acumularon ao longo da súa vida en relación á educación que recibiron, á posición social que ostentan, á súa profesión, ... e amósanos a súa cara oculta.

*Un deus salvaxe* é puro guión, puro diálogo e pura interpretación.

- Texto orixinal: Yasmina Reza
- Versión e dirección: Artur Trillo
- Elenco: Marta Lado, Dani Trillo, María Ordóñez e Toño Casais
- Escenografía: Dani Trillo
- Iluminación: Dani Trillo
- Vestiario e maquillaxe: Martina Cambeiro
- Música orixinal: Manu Abraldes
- Produción: Auri Ferreiro e Artur Trillo



# NEVENKA

## HISTRIÓN TEATRO E PORTAL 71

GERARDO SANZ

**TEATRO PRINCIPAL**
**29 DE MARZO**
**20.30 H**

14 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: >14 anos

80 min

Lingua: castelán

**Foco Creadoras de escena**

**Foco Memoria en escena**

En 2001, por primeira vez en España, unha muller gañou un xuízo por acoso sexual a un político. Nevenka Fernández sentou por primeira vez un alcalde no banco dos acusados, converténdose no primeiro caso de #MeToo nun país que lle deu a razón nos tribunais, pero que a estigmatizou publicamente.

Hoxe este caso devólvenos a imaxe do que fomos para sinalar os avances, pero tamén as feridas. Nevenka segue a ser ese espello no que se miran as mulleres que a precederon e que a seguiron; un reflexo dunha sociedade que cambiou ou, quizais, non tanto.

- Autoría e dirección: María Goiricelaya
- Elenco: Gema Matarranz, Alex Furundarena e Marta Megías
- Deseño e construción de escenografía: Álvaro Gómez Candela
- Deseño de iluminación: David Alcorta
- Deseño e realización de vestiario: Laura León
- Espazo sonoro: Ibon Aguirre
- Música orixinal: Ibon Belandia
- Vídeo: Jorge Girálvez e Paul Walter
- Axudante de dirección: Ane Pikaza
- Imaxe do cartel: Palen
- Fotografía: Gerardo Sanz
- Deseño gráfico: Ulises Martín
- Técnicos en xira: Juan Felipe «Tomatierra» e Ernesto Monza
- Produción executiva: Nines Carrascal e Sonia Espinosa
- Coprodución: Histrión Teatro e Portal 71
- Comunicación: Divina Palabra
- Distribución: Nines Carrascal e Rocío Pindado (Portal71)
- Proxecto coproducido con Portal 71

# VITÓRIA

## IRIA PINHEIRO



**TEATRO PRINCIPAL**
**3 DE ABRIL**
**20.30 H**

12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 16 anos

75 min

Lingua: galego

**Posfunción ao remate do pase**

**Foco Creadoras de escena**

*Vitória* é o retrato dunha denuncia. Unha peza de teatro autobiográfico que conta o proceso xudicial ao que se someteu a actriz Iria Pinheiro cando interpuxo unha denuncia por acoso sexual contra o director do programa de televisión no que traballaba. A peza reconstrúe a historia que vai dende 2017 a 2023 intercalando a documentación xudicial do proceso co xogo e a ironía características do cabaré.

- Escrita: Iria Pinheiro
- Dirección: Vanesa Sotelo e Ricardo Correia
- Elenco: Arantza Villar, Iria Pinheiro, Salva Del Río
- Iluminación e espazo escénico: Dani Abalo
- Sonoridades: Mónica de Nut

VITÓ



# TROMSØ

## MORRAOCONTO

**TEATRO PRINCIPAL**
**4 DE ABRIL**
**20.30 H**

12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 16 anos

80 min

Lingua: galego

**Posfunción ao remate do pase**

**Foco Memoria en escena**

Cando un ser querido nos deixa, o baleiro que queda énchenos dun silencio que, nalgúns casos, nunca conseguimos facer desaparecer. Un silencio que se aferra ao corazón apagando para sempre parte da súa luz.

*Tromsø* é unha reflexión en clave de humor dende a perda. Sobre a vida, a morte e todo o que queda entre medias. É un canto á tristura pero tamén á esperanza. Unha viaxe épica polos mares do norte, navegando tormentas, fiordes e enormes cardumes de arenque, na procura dun lugar onde tirar pola borda esa pena que se alimenta da alma e deixala afundir, dunha vez por todas, na inmensidade azul.

Nun lugar onde as candorcas, co seu canto, desgarran o silencio salvaxe da aurora boreal.

· Texto e dramaturxia: Rafa Martínez
· Dirección: Rafa Martínez, Esther Latorre
· Dirección coreográfica e de movemento: Esther Latorre
· Elenco: Miguel Gendre, Lara Pouso, Lidia Veiga
· Música en directo: Julia Ammerman, Manuel Fernández
· Escenografía e vestiario: A Compañía / Ana Gesto
· Deseño de iluminación: José Faro «Coti»
· Voz en *off*: Alba López
· Animacións: Rafa Martínez
· Máscaras: Rafa Rey
· Deseño e imaxe gráfica: Rafa Martínez
· Agradecementos: Alfredo López (CEMMA Cetáceos), Ana Gesto, Roberto Salgueiro, Manu Lago, Paula Quintas, Sheyla Fariña
· Co apoio da Xunta de Galicia, Concello de Ames e a colaboración do Concello de Santiago, Compostela Cultura, Concello de Vimianzo, CEMMA Cetáceos

# 1936



BSP

## CENTRO DRAMÁTICO NACIONAL, CHECK-IN PRODUCCIONES, EL TERRAT

**AUDITORIO DE GALICIA · SALA ÁNGEL BRAGE**
**5 E 6 DE ABRIL**
**18.00 H**

20 €

Idade recomendada: >16 anos

270 min (con dous descansos de 15 min incluídos)

Lingua: castelán

**Foco Memoria en Escena**

«Verán de 1936. As Olimpíadas en Berlín anúncianse para o primeiro día de agosto. As Olimpíadas Populares en Barcelona, para o 19 de xullo. Conta a lenda que Joseph Goebbels, ministro de propaganda de Hitler, decide que a música oficial das olimpíadas do terceiro Reich sexa a *Novena Sinfonía* de Ludwig Van Beethoven e o seu *Himno á alegría*. Pero Pau Casals, que é o comisario cultural das Olimpíadas Populares en Barcelona, representantes do mundo democrático, monta en cólera e decide que de ningún modo Beethoven será secuestrado polos nazis. A partir dese momento, o *Himno á alegría* cantarase na inauguración das Olimpíadas Populares no estadio de Montjuic. Poucos días antes da inauguración, o xeneral Mola, 'o director' do inminente golpe de Estado, cursa un telegrama cifrado aos militares que se sublevarán contra a Segunda República. O contido en clave di así: "O pasado día 15, ás catro da mañá, Elena deu a luz un fermoso neno". A mensaxe indicaba que a rebelión militar empezaría o 18 de xullo ás cinco da mañá. Era o principio dun dos episodios máis terribles da historia do noso país».
Andrés Lima

- Texto: Albert Boronat, Juan Cavestany, Andrés Lima e Juan Mayorga
- Dramaturxia: Albert Boronat e Andrés Lima
- Dirección: Andrés Lima
- Elenco: Antonio Durán «Morris», Alba Flores, Natalia Hernández, María Morales, Paco Ochoa, Blanca Portillo, Guillermo Toledo, Juan Vinuesa e o Coro de Jóvenes de Madrid
- Escenografía e vestiario: Beatriz San Juan
- Iluminación: Pedro Yagüe
- Composición musical: Jaume Manresa
- Espazo sonoro: Kike Mingo
- Dirección Coro de Jóvenes de Madrid: Juan Pablo de Juan
- Videocreación: Miquel Àngel Raió
- Caracterización: Cécile Kretschmar
- Axudante de dirección: Laura Ortega
- Axudante de escenografía: Arantxa Melero
- Axudante de iluminación: Marina Palazuelos
- Axudante de vestiario: Berta Navas
- Axudante de videocreación: Gonzalo Bernal
- Axudante de produción Check-In Producciones: Mayte Barrera
- Produción Check-in Producciones: Joseba Gil
- Produción Centro Dramático Nacional, Check-in Producciones e El Terrat
- Comunicación Check-in Producciones: Pepe Iglesias
- Colaboran: Asuntos Culturales, Teatre L'Artesà, Teatro de La Abadía



# EL CUARTO DE ATRÁS

## LANTIA ESCÉNICA

**AUDITORIO DE GALICIA · SALA ÁNGEL BRAGE**
**26 DE ABRIL**
**20.30 H**

14 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: >14 anos

90 min

Lingua: castelán

**Foco Creadoras de escena**

Unha muller de noite. Unha casa e unha visita inesperada. Ela, escritora, preparábase para atravesar as horas a soas, pero chegou un home misterioso e vén con preguntas esquecidas. Que había no cuarto de atrás?

Esta é unha viaxe pola luz e o recordo, o medo á sombra e a procura de sentido. Unha mirada valente ao pasado que garda segredos e ás palabras que, ás veces, nos poden salvar.

- Texto: Carmen Martín Gaite
- Adaptación e dramaturxia: María Folguera
- Dirección: Rakel Camacho
- Elenco: Emma Suárez, Alberto Iglesias e Nora Hernández
- Movemento escénico: Julia Monje
- Escenografía: Jose Luis Raymond
- Iluminación: Javier Diaz Alegría
- Música: Pablo Peña

# AURORA BOREAL

## PAULA QUINTAS



ALBERTE PEITEAVEL

**TEATRO PRINCIPAL**
**30 DE ABRIL**
**20.30 H**

10 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 12 anos

50 min

Lingua: sen texto

**Foco Creadoras de escena**

En *Aurora Boreal* exponse a permanencia das cousas. Reflexiónase sobre a durabilidade dunha obra escénica. Pode cambiar co tempo? Precisa mudar, ou quedar conxelada? A fugacidade como unha esixencia social xa constituída aparentemente aprobada pola sociedade. *Aurora Boreal* parte deste concepto do ser exposto ante unha sociedade de consumo efémero, onde a atención humana cada vez é máis escasa. Como a danza que realiza a luz nas xeografías nórdicas, esas luminosidades fugaces aparentes, que só acontecen nunha época determinada do ano, cultívase a paciencia, e é tan rápida que nos deixa unha sensación de serenidade fuxidía: o efémero e o cambiante, onde o obxecto é moi importante en relación co corpo a modo de paralelismo ou interacción.

- Dirección: Rut Balbís
- Cocreación: Rut Balbís e Paula Quintas
- Interpretación: Paula Quintas
- Iluminación: Octavio Mas
- Vestiario: Jandro Villa
- Composición musical: Macarena Montesinos e Nacho Muñoz
- Composición audiovisual: Carla Andrade
- Asesoría de movemento: Tanit Cobas
- Asesoría artística: Manu Lago- Galicia Danza Contemporánea
- Foto: Alberte Peiteavel
- Audiovisual: Miramemira
- Distribución: Lilian Portela- AMARELO Distribución Escénica

# PARA QUE NON ME DEIXES AQUÍ SOA

## JULIA LAPORT



MARTÍN GONÇALVES

**TEATRO PRINCIPAL**
**2 DE MAIO**
**20.30 H**

10 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: Todos os públicos

60 min

Lingua: galego

**Foco Creadoras de escena**

Nun xogo de máscaras e deformidades faciais, Julia investiga a perda de identidade e a procura dun outro que poida cubrir esa carencia. As ilusións creadas con luces e sombras e as posibilidades de expandir e deformar o corpo con outros materiais, amplifican o movemento dinámico e preciso de *Waacking*, transformando o artista nunha masa cambiante, cargada de posibilidades e en constante mutación.

· Dirección: Julia Laport Rivas
· Creación e interpretación: Martín Gonçalves, Laura Iturralde e Julia Laport
· Deseño de Iluminación e audiovisuais: Laura Iturralde
· Deseño de escenografía e vestiario: Martín Gonçalves
· Confeción: Raquel Crespo
· Espazo sonoro: Julia Laport
· Axuda á produción: AGADIC – Xunta de Galicia

SOA



# APAGA O CANDIL

## CONTRAPRODUCIÓNS

**TEATRO PRINCIPAL**
**9 E 10 DE MAIO**
**20.30 H**

12 €

Descontos do 50%

Idade recomendada: > 10 anos

75 min

Lingua: galego

**Posfunción ao remate do pase do 9 de maio**

**Foco Memoria en escena**

Noite de luar. Encrucillada de camiños. Entra en escena un home miúdo e melancólico. É o personaxe d'O Xestal. Cun candil na man, vestido de repoludo gaiteiro rosaliano, sáelle ao paso un mozo novo e garrido. É a morte. O Xestal négase a recoñecer a morte en tan atípica fasquía. Cando finalmente a recoñece resístese a seguila, establecéndose entre eles unha dinámica e amena tirapuxa na que se entreverán os episodios máis significativos da vida d'O Xestal con algún dos seus contos máis divertidos.

- Autoría e texto: Cándido Pazó
